

Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP en relación á inclusión de Chantada e outros territorios na denominación de orixe do aceite da Galiza.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal Por Chantada-CUP, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á ***Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP en relación á inclusión de Chantada e outros territorios na denominación de orixe do aceite da Galiza.***

A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como tantas outras veces é a sociedade civil quen vai por diante dos lexisladores e das AA.PP. Por exemplo, os produtores de Quiroga levan nunha longa loita por unha DO para o aceite ou a Asociación de Produtores de Aceite e Aceituna da Galiza (APAAG) impulsou un selo que garante a produción de aceite con olivas procedentes en exclusiva do territorio galego¹.

¹ “O aceite de oliva galego xa conta cun selo que garante a súa orixe” in *Campo Galego*. Dispoñíbel en <https://www.campogalego.com/o-aceite-de-oliva-galego-xa-counta-cun-selo-que-garante-sua-orixe/> (última consulta 06/04/2020).

Chantada é unha comarca que conta, após séculos do que Zurita denominara «doma y castración del Reino de Galicia»², novamente con oliveiras e non estaría de máis lembrar o nome que reciben as castes de oliveiras predominantes do norte de Portugal: oliveira galega. A incorporación de produtores trouxo consigo a extensión da oliveira que xa ocupa varias hectáreas no noso territorio, predominando na área de Quiroga as oliveiras autóctones brava e mansa³.

Evidentemente, trátase dun sector con potencial para a diversificación e o reforzo do noso sector primario que entendemos vital para construír futuro no noso territorio, aínda que estexamos lonxe por en canto do aproveitamento do aceite que se fai en Quiroga, cunha produción de aceite próxima aos 40.000 litros através de dezanove mil oliveiras, aínda que só se comercializa a metade, e que se vai recuperando das consecuencias da emigración nas décadas de cincuenta e sesenta e mais dos incendios dos noventa que diminuíron o número de oliveiras. A recuperación de muíños de aceite que ficaran en desuso conxuntamente con novas plantacións impulsadas por produtores e polo Concello conseguiron, paulatinamente, reverter a situación das últimas tres décadas.

Así pois, após décadas de traballo, Quiroga conta hoxe cunha marca propia do municipio, para comercializar un aceite vinculado á calidade, que xa recoñeceron diferentes entidades e que o sitúa na elite mundial. No 2015, no Concello rexistraron a marca Aceite de Quiroga, que identifica nunha contraetiqueta aos produtores da zona, que, ademais, contan cunhas esixencias de calidade na produción, con 6 comercializadoras dispoñendo do distintivo, aínda que o número de pequenos produtores que elaboran aceite na zona pode situarse arredor dos 400. Agora están pendentes de conseguir a Denominación de Orixe por parte de Europa e acreditamos que nesa loita se debe estender a outras áreas.

No caso de Chantada a produción aínda adoptaría importancia no futuro, mais é vital darlle un soporte como é o selo da DO xa agora, a pesar de o número de produtores ser aínda modesto. Suporía un importante pulo á produción e diversificación da produción no sector primario. Pois, sabendo que comezan a producir aos cinco anos de plantalas (4-5 quilos), mais que até os vinte e cinco anos non acadan unha produción estábel (20-30 quilos), é o momento de situarnos

2 A cita é atribuída por Castelao a Jerónimo Zurita no discurso parlamentar do rianxeiro sobre o proxecto de constitución e tamén a recolle logo no seu ensaio *Sempre en Galiza*. Porén, o orixinal (*Anales de Aragón*; cap. LXIX, libro XX) é do seguinte teor: «Galicia se redujo a las leyes de la justicia, a donde el rey puso audiencias. En aquel tiempo se comenzó a domar aquella tierra de Galicia».

3 Identificadas e catalogadas polo grupo de Viticultura da Misión Biolóxica da Galiza do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), que traballa no inventariado doutras variedades autóctones, tamén con presenza nesta zona.

convenientemente para garantir a viabilidade desta nova produción que pode representar un complemento ou mesmo o sustento de produtores no campo.

Como sempre insistimos no noso programa, a diversificación na produción, a consecución de produtos de calidade e a transformación alimentar deben ser os piares en que orientemos a base económica de Chantada na secuencia dun sistema-mundo caótico con recorrentes crises cíclicas que acentuarán a dependencia e carácter periférico de territorios coma o noso, debendo procurar unha especificidade multifuncional que nos permita termos hipóteses de concorrer e sobrevivir nas mellores condicións. Fronte aos discursos que fían todo no turismo debemos recalcar que este é importante e complementar, de calidade e non masivo, mais non pode ser a punta de lanza da nosa economía, sabendo as consecuencias da terciarización maciza nas economías canto a precariedade e desemprego recorrente⁴.

Na mostra de FITUR o alcalde de Chantada participou con outros cargos do seu partido na vindicación da DO, mais entendemos que é insuficiente e lesivo restrinxila apenas a Quiroga, cando pode impulsarse unha DO galega para a área luco-auriense que diferencie no seu interior entre as subzonas de produción histórica (oliveiras de máis de 100 anos) e as subzonas de nova produción. É urxente, daquela, que o Concello se comprometa e tome consciencia da importancia de non ficarmos para atrás nesta altura e a aposta de Por Chantada-CUP, neste sentido, é brindar todo o apoio e colaboración ao Goberno local neste combate tan necesario, de adoptarse esta moción.

Por todo o exposto anteriormente, o **grupo municipal Por Chantada-CUP** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Chantada impele ao Goberno Local a:

1.- Rexistrar a marca ACEITE DAS TERRAS DE ASMA, que ampare a produción dos concellos de Chantada, Carballedo e Taboada.

⁴ A correlación entre desindustrialización, terciarización e precariedade no marco dunha Globalización xerida asimétricamente foi estudada, por exemplo, por Josph E. Stiglitz (2019): *Pessoas, poder e lucro. Capitalismo progressista para uma era de descontentamento*. Lisboa: Bertrand.

2.- Trasladar á Xunta da Galiza e á Consellaría de Medio Rural a exigencia de crear unha DO de ACEITE DA GALIZA en que se inclúa a nosa comarca e que ampare a produción de aceite galego, diferenciando no seu interior a produción entre a área histórica (Quiroga ou Seixalbo en Ourense) para as oliveiras de máis dun século e as novas áreas con oliveiras através de subzonas.

3.- Trasladar este acordo aos concellos de Carballedo e Taboada instándoos a facer unha fronte común para a integración da nosa comarca na futura DO de Aceite da Galiza.

Chantada, 11 de maio do 2020.

Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.